



CONCELLO DE MASIDE

Praza Maior, nº 1
Telf. 988 28 06 06-Fax 988 28 06 84
32570 MASIDE (Ourense)

“REGULAMENTO IXº DÚATLON CROSS CONCELLO DE MASIDE”

***O Duatlón Cross Concello de Maside forma parte do IIIº Gran Premio
AviamaCross de Duatlón (3ª proba)***

1.- Organiza:

Concello de Maside

Email: servizossociais.maside@eidolocal.es

Persoas de contacto: Yolanda

Teléfono: 608.24.22.10 // 988 40 11 08

2.- Colaboran:

ENGASA

CEPSA

Lamargha Hombre Mujer

Materiales de Construcción Cadavid, SL

Perruquería Triscos

Estudio de Arquitectura José Manuel Iglesias Araujo

Gadis

Inorde

Ferretería Botana

Serigrafía Cal-Ser

Super Rosita – Maside

Panadería Maside

3.- Data e horario da carreira:

Domingo 27 de xaneiro de 2019

As 11:00 horas

4.- Lugar:

Alameda de Maside



CONCELLO DE MASIDE

Praza Maior, nº 1
Telf. 988 28 06 06-Fax 988 28 06 84
32570 MASIDE (Ourense)

5.- Recollida de dorsais:

Alameda de Maside entre as 8:30 a 10:30

6.- Control de material:

De 10:00 h. a 10:45 h.

7.- Distancia:

Estándar: 6 km de carreira a pe – 23 km en bicicleta – 3 km de carreira a pe

8.- Inscricións:

Ata o xoves, 24 de xaneiro 2019

As inscricións realizaranse a través da plataforma de Championchipnorte.com

Límite de 130 participantes

Prezo 12€.

IIIº Gran Premio AVIAMAN CROSS: paa poder inscribirse nesta modalidade hai que facer inscrición na ligazón habilitada. Data límite: 17 xaneiro

Unha vez pechado o prazo de inscrición estas non admiten modificacións.

9.- Premios:

Trofeos e premios económicos 50 € (Válido para merca de material nunha das tendas colaboradoras) para o 1º e 1ª Clasificados.

Tódol@s que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo do “IXº Dúatlon Cross Concello de MASIDE”.



CONCELLO DE MASIDE

Praza Maior, nº 1
Telf. 988 28 06 06-Fax 988 28 06 84
32570 MASIDE (Ourense)

10.- Normas de competición:

A carreira rexerá segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega de Tríatlón.

Tódolos participantes prestan a súa conformidade e estarán obrigados ao cumprimento desta normativa dende o momento da súa efectiva inscrición na proba.

A organización non se fará responsable da desaparición de material (zapatillas, roupa, ...) dos participantes que non sexan entregados no servizo de roupeiro habilitado para a proba.

11.- Servizos:

A organización porá a disposición dos participantes os seguintes servizos:

.- Duchas: o pavillón de deportes situado a 100 metros da liña de saída/meta estará a disposición dos participantes.

.- Servizo de roupeiro: a organización habilitará una zona onde os participantes poderán deixar as súas pertenzas durante a proba, estando custodiadas en todo momento, para retiralas deberán presentar o seu dorsal de participación na proba.

.- Servizo de limpeza de material: a organización porá a disposición dos participantes un lugar habilitado para a limpeza do material utilizado polos participantes na proba situado no exterior do pavillón de deportes.

12.- Medio ambiente:

A organización solicita encarecidamente que se manteña o trazado do percorrido limpo de desperdicios (envoltorios de xeles, barriñas, plásticos, papeis,...).

Estaremos nun espazo natural protexido e para poder seguir gozando del e da proba somos todos nós os que debemos velar pola súa conservación. Todos somos responsables.

Se ti, participante, ves a un compañeiro depositar desperdicios no percorrido denuncia ante a organización. De non facelo serás cómplice. Espazos naturais, libres de desperdicios.



CONCELLO DE MASIDE

Praza Maior, nº 1
Telf. 988 28 06 06-Fax 988 28 06 84
32570 MASIDE (Ourense)

A organización velará de forma moi especial o cumprimento deste apartado. Chegado o caso procederase á descualificación do infractor/a, seguindo o regulamento de competición (Art. 2.2 c (x))

8.- Rutómetro:

1º Sector carreira a pé 6km(2 voltas)

Sobre un circuíto mixto de asfalto e terra con tramos polo medio do pobo.

Saída dende a Alameda de Maside, baixada pola rúa Rodríguez Soto encarando pola Estrada de Cimadevila torcendo á esquerda por un tramo de terra que nos leva a unha pista de asfalto que nos fai subir cara o núcleo de poboación polas rúas do casco urbano, con chegada á Área de Transición, sita na rúa San Antonio.

2º Sector de ciclismo btt 23km (3 voltas)

Sobre un circuíto con un 85% de montaña, o 15% restante con asfalto.

Saída dende a Rúa San Antonio, saída subindo pola rúa Rodríguez Soto ata enlazar ao carón do arco de saída-meta a rúa Principal subido ata coller un camiño que nos leva á paraxe natural do Puzo do Lago onde discorrera gran parte do sector para logo no pobo de Negrelle enlazar unha pista que nos levara ata o pobo de Maside para comezar a seguinte volta.

3º Sector carreira a pé 3km (1 volta)

Repetir o primeiro circuíto de carreira a pé, saíndo dende a Área de Transición situada na rúa San Antonio, pero desta vez só unha volta e iniciando o circuíto do revés.

Saída – meta - transición: - recollida dorsais: ‘Na rúa Principal e na Alameda de Maside’